



O avó

Roberto Pascual¹

EL / ELA:

Rompeu
o colar de perlas
que non eran perlas
que tanto lle gustaba a
meu avó
(*Ao público*) Modo ironía
Gustáballe tanto
que me dicía
“aí vén a perlas”
dicía
o meu avoíño
pobre
como as soltaba o avoíño...
pero así me dicía
cando me vía chegar
coma se eu fose Carmen Polo
a perlas
Claro que sei quen foi a perlas
faloume dela e de Franco e dos vagos

e dos maleantes
a perlas
dicía
pobres
nunca tal
o avó
os amigos
os velliños
estarían todos confundidos
no bar cos seus netiños
esta sen pendentos
aquel coas perlas
a outra coa cabeza rapada pola metade
esoutra cun anel no nariz
que parece unha vaca
meus pobres
soltábanas finas
os moi cabróns
pobres
non entendían nada

¹ https://gl.wikipedia.org/wiki/Roberto_Pascual; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/roberto-pascual-rodriguez>.

pura inocencia
coma cando un día
un dos da partida do avó
me espeta
aí tes á troita
a troita dicíanme
pura inocencia
pobres
a troita, chamábanme
e rían
a troita
e escachaban coa risa
meu avó nunca ría
nunca lle pareceu de risa
coma os demais
se cadra o de troita
parecíalle demasiado
un insulto moi duro
o avó estaba moi posto
non pensedes
o avó non quedaba na superficie
das cousas
o avó quería saber
o avó
que a terra lle sexa leve
non era coma a panda de túzaros
cos que se xuntaba no bar
o avó tíñase por unha persoa de mundo
de moito mundo
dicía que el vira de todo
repetíao
repetíao
repetíao
coma se fose necesario facelo

para xustificar o seu espanto
e logo espetarche
“a eses o que había é
que fusíalos a todos
por nugalláns
e porque dan noxo.”
Cando algo lle escapa da norma
do rego
como el dicía.
Rompeu o colar hoxe
hai dous anos
xusto
que morreu o avó
e as bólas caeron ó chan
coma bágoas
no desconcerto daquela estación
pola que caeron as pezas
escaleiras abaixo
mentres volvía para a casa
naquelas escaleiras solitarias
nas que pensaría o avó
que calquera día
calquera túzaro podería collerme
do pescozo
e chimparme por elas
en anacos
en mil anacos
máis cós que caeron
aquela tardiña
esparexéndose
e desprendéndose
definitivamente
do colar preferido
do meu entrañable avó.